

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto de la Resolución de 17 de septiembre de 2020 de la Teniente de Alcaldesa de Igualdad, Bienestar Social y Participación por la que se convocan ayudas en régimen de concurrencia no competitiva para el mantenimiento y compensación de los gastos de taxis adaptados a las personas con movilidad reducida durante el ejercicio 2020 (105/2020/6890)

BDNS (Identif.): 528552

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/528552>)

Primero. Beneficiarios:

Podrán acceder a la condición de beneficiario de las subvenciones las personas físicas, las jurídicas, las agrupaciones de personas físicas o jurídicas, las comunidades de bienes o cualquier otro tipo de unidad económica o patrimonio separado, que aun careciendo de personalidad jurídica, estén válidamente constituidas y sean titulares de una licencia de autotaxi adaptado para el transporte de clientes con movilidad reducida o discapacidad concedidas por el Ayuntamiento de A Coruña y desarrollaran su actividad durante el año. En el caso de las agrupaciones de personas físicas o jurídicas, las comunidades de bienes o cualquier otro tipo de unidad económica o patrimonio separado deberán cumplir la mayores que los requisitos de persona beneficiaria deberán ser cumplidos por todos y cada uno de los socios/las, independientemente, de su porcentaje de participación en la sociedad.

Cuando se trate de agrupaciones de personas físicas o jurídicas, o privadas sin personalidad, deberán hacerse constar expresamente en la solicitud de subvención, los compromisos de ejecución asumidos por cada miembro de la agrupación, así como el importe de la subvención a aplicar por cada uno de ellas/os, que tendrán igualmente la consideración de beneficiarias/os. En cualquiera caso, se nombrará un representante o apoderado único de la agrupación, con poderes suficientes para cumplir las obligaciones que, como beneficiario, corresponden la agrupación. Tanto los compromisos de ejecución asumidos por cada miembro de la agrupación, como el importe de la subvención a aplicar por cada uno de ellos, se harán constar en la resolución de concesión. No podrá disolverse la agrupación hasta que transcurra el plazo de prescripción previsto en los artículos 39 y 65 de la Ley General de Subvenciones.

Son requisitos exigibles a las personas beneficiarias, que deberán cumplirse en la fecha en que finalice el plazo de presentación de solicitudes de subvención y mantenerse a lo largo de todo el plazo de ejecución de la actividad subvencionada, además de los previstos con carácter general en el artículo 13 de la Ley General de Subvenciones, los siguientes:

- a) Ser titular de un vehículo adaptado para el transporte de personas con movilidad reducida o discapacidad
- b) Ser titular de una licencia de taxista en el municipio de A Coruña
- c) Que, en su caso, justificaran subvenciones anteriormente otorgada por el Ayuntamiento de A Coruña, excepto que aún no transcurriera el correspondiente plazo de justificación
- d) No estar incurso en alguna de las causas de prohibición para percibir subvenciones establecidas en el artículo 13.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones
- e) Que se encuentren al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias con la Agencia Estatal de Administración Tributaria, y frente a la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de A Coruña, sus Organismos Autónomos y Entidades de Derecho Público dependientes del mismo. De conformidad con el artículo 28.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Ayuntamiento de A Coruña solicitará las certificaciones que deban emitir la Agencia Estatal de Administración Tributaria, la Tesorería General de la Seguridad Social, la Agencia Tributaria de Galicia y el propio Ayuntamiento de A Coruña, para verificar el cumplimiento de este apartado. No obstante, la persona solicitante o su representante podrán oponerse expresamente a la consulta u obtención

de la documentación señalada, debiendo en este caso, presentar la documentación acreditativa en los términos previstos reglamentariamente, acercando las certificaciones acreditativas oportunas.

f) Los demás contemplados en la Ordenanza General de Subvenciones del área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña y en la Ley General de Subvenciones.

Segundo. Finalidad:

De conformidad con las competencias atribuidas a este Ayuntamiento por el art. 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, la Ley 13/2008, de 3 de diciembre de servicios sociales de Galicia, y en aplicación del art. 23 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, así como las normas de carácter reglamentaria que las desarrollan (RD 887/2006), se convocan subvenciones para titulares de un taxi adaptado para el transporte de personas con discapacidad, con licencia de taxista, en el municipio de A Coruña, para financiar gastos conservación y mantenimiento de los taxis adaptados, en el ejercicio 2020.

Tercero. Bases reguladoras:

Ordenanza General de Subvenciones del Área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por el Excmo. Ayuntamiento en Pleno, en sesión de fecha 11 de abril de 2005 (B.O.P. de A Coruña número 92, de 25.04.2005).

Cuarto. Importe:

El importe global de las subvenciones objeto de esta convocatoria específica es de dieciocho mil euros (18.000,00 €), gasto imputable a la aplicación presupuestaria 51.231.479.01 denominada "otras subvenciones a empresas privadas" del presupuesto municipal para el ejercicio 2020.

Este crédito es el límite del importe de las subvenciones que se puedan conceder.

La cuantía establecida podrá ser incrementada por resolución del órgano competente, previa tramitación del expediente de modificación de crédito. De conformidad con el dispuesto en el artículo 58 del RD 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, en el supuesto de que este crédito se incremente como consecuencia de una modificación presupuestaria, esta cuantía adicional podrá aplicarse a la concesión de subvenciones sin necesidad de una nueva convocatoria. La efectividad de la cuantía adicional queda condicionada a la declaración de la disponibilidad de crédito.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

La solicitud de subvención se presentará en la sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña <https://sede.coruna.gob.es> en el plazo quince días contados a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña. Podrán utilizar el modelo general de solicitud que se encuentra en los registros generales.

Cuando el último día del plazo sea inhábil, se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente.

También podrán presentarse en el Registro General de Entrada del Ayuntamiento de A Coruña o por cualquiera de los medios regulados en el art. 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Sexto. Otros datos de interés:

Gastos subvencionables

Se consideran gastos subvencionables aquellos que de manera indudable respondan a la naturaleza de la actividad subvencionada, se lleven a cabo en el período comprendido entre el uno de enero de dos mil veinte y la fecha de publicación de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y se incluyan entre los siguientes:

- a) Gastos de combustible
- b) Gastos de mantenimiento del vehículo
- c) Gastos de reparación del vehículo
- d) Gastos de seguros del vehículo
- e) Otros gastos corrientes coincidentes con la naturaleza de esta convocatoria

Se admitirán facturas u otros documentos de igual valor probatorio admitidos en el tráfico jurídico mercantil o con eficacia administrativa, en original o copia, acreditativos de los gastos efectuados en el mantenimiento del taxi adaptado.

Las facturas y los documentos justificativos de valor equivalente deberán reunir los requisitos legal y reglamentariamente establecidos, además de incluir el número de matrícula del taxi adaptado correspondiente, y venir estampilladas en la forma prevista en la Base 19.3

En todo caso, debe acreditarse fehacientemente en el correspondiente justificante de gasto que éste está directamente relacionado con la actividad o proyecto de que se trate.

Se considera gasto realizado el efectivamente pagado entre el uno de enero de dos mil veinte y hasta la fecha de publicación de la convocatoria en el BOP de A Coruña.

Forma de pago

De acuerdo con el establecido en el artículo 34 de la Ley General de Subvenciones y en el artículo 38 de la Ordenanza General de Subvenciones del área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, el pago de la subvención concedida se realizará previa justificación por la/el beneficiaria/o de la realización de la/s actividad/es o proyecto/s para lo cual se concedió la subvención en los términos establecidos en la normativa reguladora de la subvención.

El pago se realizará mediante un pago único e ingreso en la cuenta bancaria indicada por el beneficiario en la solicitud de subvención.

Compatibilidad con otras ayudas

Los objetos subvencionados podrán ser objeto de subvención por otras entidades públicas o privadas, o por otros servicios de este ayuntamiento, siempre que el importe total de las mismas no supere el coste efectivo o real de los gastos subvencionados.

El reintegro del exceso se hará a favor de las entidades concedentes en proporción las subvenciones concedidas por cada una de ellas. Con todo, cuando sea el propio ayuntamiento quien advierta el exceso de financiación exigirá el reintegro por el importe total del exceso, hasta el límite de la subvención otorgada por él.

A Coruña

16/10/2020

La Teniente de Alcaldesa de Igualdad, Bienestar Social y Participación, Eudoxia María Neira Fernández

Extracto da Resolución de 17 de setembro de 2020 da Tenente de Alcaldesa, responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia non competitiva para o mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con mobilidade reducida durante o exercicio 2020 (105/2020/6890)

BDNS (Identif.): 528552

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/528552>)

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán acceder á condición de beneficiario das subvencións as persoas físicas, as xurídicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que aínda carecendo de personalidade xurídica, estean validamente constituídas e sexan titulares dunha licenza de autotaxi adaptado para o transporte de clientes con mobilidade reducida ou discapacidade concedidas polo Concello da Coruña e desenvolvesen a súa actividade durante o ano. No caso das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado deberán cumprir a maiores que os requisitos de persoa beneficiaria deberán ser cumpridos por todos e cada un dos socios/as, independentemente, da súa porcentaxe de participación na sociedade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente na solicitude de subvención, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un delas/es, que terán igualmente a consideración de beneficiarias/os. En calquera caso, nomearase un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden a agrupación. Tanto os compromisos de execución asumidos por cada

membro da agrupación, como o importe da subvención a aplicar por cada un deles/as, faranse constar na resolución da concesión. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes de subvención e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións, os seguintes:

- a) Ser titular dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade.
- b) Ser titular dunha licenza de taxista no municipio de A Coruña
- c) Que, no seu caso, xustificasen subvencións anteriormente outorgada polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación
- d) Non estar incurso nalgunha das causas de prohibición para percibir subvencións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña, os seus Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público dependentes do mesmo. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.
- f) Os demais contemplados na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña e na Lei Xeral de Subvencións.

Segundo. Finalidade:

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que as desenvolven (RD 887/2006), convócanse subvencións para titulares dun taxi adaptado para o transporte de persoas con discapacidade, con licenza de taxista, no municipio da Coruña para financiar gastos de conservación e mantemento dos taxis adaptados, no exercicio 2020.

Terceiro. Bases reguladoras:

Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Concello en Pleno, en sesión de data 11 de abril de 2005 (B.O.P da Coruña número 92, de 25.04.2005).

Cuarto. Importe:

O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de dezaioito mil euros (18.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 51.231.479.01 denominada "outras subvencións a empresas privadas" do orzamento municipal para o exercicio 2020.

Este crédito é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

A contía establecida poderá ser incrementada por resolución do órgano competente, previa tramitación do expediente de modificación de crédito. De conformidade co disposto no artigo 58 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, no suposto de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> no prazo quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Poderán utilizar o modelo xeral de solicitude que se atopa nos rexistros xerais.

Cando o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexto. Outros datos de interese:**Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, se leven a cabo no período comprendido entre o un de xaneiro de dous mil vinte e a data de publicación da convocatoria no BOP de A Coruña, e se inclúan entre os seguintes:

- a) Gastos de combustible
- b) Gastos de mantemento do vehículo
- c) Gastos de reparación do vehículo
- d) Gastos de seguros do vehículo
- e) Outros gastos correntes coincidentes coa natureza desta convocatoria

Admitiranse facturas ou outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal ou copia, acreditativos dos gastos efectuados no mantemento do taxi adaptado.

As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos legal e regulamentariamente establecidos, ademais de incluír o número de matrícula do taxi adaptado correspondente, e vir selados na forma prevista na Base 19.3.

En todo caso, debe acreditarse de forma fidedigna no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

Considérase gasto realizado o efectivamente pagado entre o un de xaneiro de dous mil vinte e a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

Forma de pagamento

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 38 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, o pago da subvención concedida realizarase previa xustificación pola/o beneficiaria/o da realización da/s actividade/s ou proxecto/s para o que se concedeu a subvención nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

O pago realizarase mediante un pago único e ingreso na conta bancaria indicada polo beneficiario na solicitude de subvención.

Compatibilidade con outras axudas

Os obxectos subvencionados poderán ser obxecto de subvención por outras entidades públicas ou privadas, ou por outros servizos deste concello, sempre que o importe total das mesmas non supere o coste efectivo ou real dos gastos subvencionados.

O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción as subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio concello quen advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por este.

A Coruña

16/10/2020

A tenente de alcaldesa, responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, Eudoxia María Neira Fernández

2020/7357